

CARBALLO

## «Os relatos como o do 'Priam' forman parte da nosa historia»

Malpica lembra hoxe o 125º. aniversario do afundimento do vapor inglés

M. R., Á. P.  
11 de enero de 2014 05:00



O escritor e concelleiro en Arteixo Xabier Maceiras Rodríguez visitará hoxe Malpica para lembrar o 125 aniversario do afundimento do Priam e presentar xunto ao investigador Fernando Patricio Cortizo o libro que lle dedicaron a este suceso e que leva por título De Liverpool ás Sisargas. A derradeira travesía do ?Priam?.

-**¿Como xurdio a idea do libro?**

-Antes de respostar a esa pregunta eu faría outra: ¿Quen non escoitou nalgún momento da súa vida algún conto ou algunha lenda ao carón da lareira? Pois, dalgún xeito, este libro naceu así, grazas á transmisión oral que mantivo viva esa historia aquí na zona de Arteixo, que foi a onde chegou principalmente a carga que levaba o Priam. Aquel 11 de xaneiro de 1889 foi algo tráxico para as nove vítimas británicas que faleceron alí, pero tamén foi como unha especie de regalo de Reis para moita xente da contorna porque durante varias semanas toda a carga que o Priam levaba nas súas entrañas foise esparexendo todo ese tramo do noso litoral.

-**¿Que o fixo indagar máis na historia?**

-O que máis me empuxou foi cando dous veciños meus me falaron dun piano que aparecera na praia de Alba e dun baúl cheo de diñeiro, de libras esterlinas. Naquela época os recursos da xente eran case nulos e había tamén moita ignorancia, por iso eses cartos foron quemados na lareira para prender o lume do pote. Tamén fixemos un seguimento do piano, que foi polo que naceu esta historia, ata os anos 60.

**-¿Foi moi complexo o traballo de documentación?**

-Foron seis anos de investigación nos que consultamos moitísima hemeroteca e case mil sentenzas do Arquivo do Reino de Galicia, desde o ano 1889 a 1892. E o máis gratificante foi o contacto coa xente de Arteixo e de Malpica, onde tivemos a colaboración do Concello e especialmente de Xurxo Alfeirán, que aportou moitas fotografías, e de Adrián Abella; un dos capítulos do libro está feito grazas a el xa que nos puxo en contacto coa xente maior desa vila mariñeira de Malpica.

**-¿Que papel xogaron os mariñeiros malpicáns neste naufraxio?**

-Pois de non ser por eles o número de vítimas mortais aumentaría considerablemente. De feito, o Goberno británico da época gratificou a dous deles: ao patrón Pedro Casal e ao mariñeiro Ramón Villar.

**-¿Está suficientemente preservada a memoria destes sucesos?**

-Relatos como o do Priam hai un cento deles e forman parte da nosa historia más próxima, por iso non deberían caer no esquecemento, temos que tratar de recuperarlos.

xabier maceiras escritor